



PERMUTAS PROVISIONAIS

A CIG-Ensino solicita a retirada da modificación dos prazos para pedir permutas no corpo de mestres.

A CIG quedouse soa na queixa polo prazo exclusivo no mes de agosto para o corpo de mestres.

A modificación proposta pola Consellaría incide no uso dos períodos vacacionais do profesorado para trámites e dificulta as permutas provisionais.

A Consellaría de Educación presentou na Mesa Sectorial unha modificación da orde que regula os intercambios (permutas) provisionais entre o profesorado. **O cambio** afecta unicamente ao prazo de solicitudes após a resolución definitiva de destinos provisionais cando esta se produce antes do de setembro; é dicir, **só afectaría neste momento ao corpo de mestres.**

No texto actual o prazo esténdese desde a publicación dos destinos (nos primeiros días de agosto) até o 2 de setembro, o que para a CIG xa é un prazo escaso no mes de setembro, que é cando o profesorado pode contactar nalgúns casos cos centros, xa que se non coñece directamente á persoa coa que vai permutar non é doado acceder á información para permutar. A proposta da Consellaría implica que as solicitudes se fagan nos **5 días hábiles seguintes á adxudicación de destinos.** Para a CIG-Ensino isto só provoca limitar en exceso as posibilidades de atopar con quen permutar e ter que estar

pendentes de tramitacións relacionadas co noso traballo en pleno mes de agosto. Xa os prazos actuais, con só 2 días no mes de setembro son moi axustados e somos partidarios de amplialos.

A Consellaría alegou motivos relacionados coas altas na seguridade social das persoas permutadas. O certo é que esta situación só afecta a persoas que cambian de provincia e o que debe facer a administración é buscar como solucionar esa situación e non facer pagar a todo o profesorado afectado cun cambio que afecta ao noso período de descanso e fai moi difícil permutar. Por outro lado o mesmo problema existe co profesorado definitivo de secundaria, que entra en nómina do novo destino antes de que se conceda a permuta.

As propostas da CIG-Ensino

Hai que establecer varios prazos na solicitude de permutas. O profesorado que non participa no CADP porque ten destino definitivo non ten porque agardar ao mes de agosto (ou setembro en secundaria) para solicitar permuta. Por tanto, propuxemos un prazo de 15 días hábiles após a resolución definitiva do CXT no caso daquelas permutas nas que os docentes solicitantes teñan

destino definitivo. Neste curso abriríase un prazo excepcional coa publicación da modificación desta orde. **A Consellaría non acepta abrir un prazo para as permutas provisionais entre docentes con destino definitivo nos días posteriores á adxudicación definitiva do CXT. Só están en disposición a valorar abrir un prazo extraordinario a principios de setembro para quen non solicitou permutas no mes de agosto.** Neste caso, este profesorado tería que tomar posesión da praza que lle corresponde no CXT ou no CADP e a efectividade da permuta sería con efectos do 1 de outubro (aínda que a incorporación ao posto puidese producirse antes).

Ningún prazo pode abrirse e pecharse no mes de agosto. O mes de agosto é de vacacións: o único mes no que o profesorado non ten que estar a disposición da Consellaría. Se o prazo se abre en agosto debe pecharse en setembro. A tramitación en liña, a través da sede electrónica, permite que a tramitación final sexa áxil. Os problemas derivados das altas e baixas na vida laboral deben solucionarse na propia administración e que non repercutan no profesorado. **A Consellaría non dá marcha atrás e mantén un prazo ordinario en agosto. A CIG-Ensinso foi a única organización sindical que se amosou en contra de que o prazo se limite ao mes de agosto.**

Unha base de datos de persoas que queren permutar actualizada e útil.

No ano 2017 a Consellaría comprometeuse a *“implantar unha aplicación informática comezando co corpo de mestres e seguindo cos de secundaria, modificando a bolsa de permutas con periodicidade anual, eliminando as permutas que xa non se solicitan e mellorando os mecanismos de protección de datos persoais publicados, garantindo que só o persoal docente poda visualizar os datos de contacto”*.

Aínda que se creou un formulario nada disto é unha realidade hoxe en día. O formulario debe estar aberto unha vez que se coñecen os cambios de destino (CXT, CADP) e debe actualizarse anualmente. **Non está dentro das preocupacións da Consellaría poñer en marcha esta aplicación e descansan no feito de que o profesorado “xa busca pola súa conta con quen permutar”.** Como CIG-Ensinso amosamos a nosa desconformidade e entendemos que é unha obriga da Consellaría facilitar a información ao profesorado para que poidan coñecer con quen permutar.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 245 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal